

# Variacións das paremias españolas recompiladas por Charles Cahier<sup>1</sup>

*Variation of spanish paroemias collected by Charles Cahier*

Béatrice Martinez Marnet

Universidade Autónoma de Madrid  
beatrice.marnet@uam.es

Resumo: Unha das características propias das unidades fraseolóxicas no seu conxunto e das paremias en particular resulta ser a fixación. De certo, áinda que moitas paremias conseguem non sufrir ningunha variación co paso do tempo, outras experimentan transformacións más ou menos importantes ou caen no esquecemento. Neste artigo, analizaremos as diferentes variacións que pode padecer unha paremia co paso do tempo. Para iso escollemos as 600 unidades fraseolóxicas españolas presentes na obra paremiográfica *Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers* de Charles Cahier (1856) e contrastámos coas paremias recompiladas no Refranero Multilingüe do Instituto Cervantes. Os resultados obtidos desta análise das variantes ortográficas, léxicas e sintácticas axudarános na sistematización dos diferentes modelos de variantes, na observación dunha posible evolución nas paremias, co propósito de descubrir cal é a forma clásica da paremia desde a que foron aparecendo todos os cambios.

Palabras chave: variacións, variantes, unidades fraseolóxicas, paremias, Charles Cahier.

*Abstract: One of the specific features of the phraseological units as a whole and the proverbs in particular is the unalterability of the word order. Nevertheless, proverbs as well as other linguistic elements either evolve or sink into oblivion, remain unaltered through their entire period of use or undergo transformations to a greater or lesser extent. In this article we will analyze the different variations to which a proverb is subjected over time. In order to achieve this objective we have chosen the 600 Spanish phraseological units included in the paremiological work "Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers" by Charles Cahier (1856) and we have carried out an extensive comparative analysis with the proverbs compiled in the Refranero Multilingüe (Instituto Cervantes). The results obtained from the study of the orthographic, lexical and syntactic variables will help us to build the different variation models and to provide a possible explanation to the evolution of phraseological units with the objective of finding the classic version of the proverb as a point of departure from which all the changes have progressively appeared.*

Keywords: variations, variants, phraseological unit, proverbs, Charles Cahier.

<sup>1</sup> Data de recepción: 26.05.2017. Data de aceptación: 04.01.2018.  
Tradución feita por Laura García de Arana.

## 1. Introdución

Entre os trazos característicos das unidades fraseolóxicas (en adiante UF), a maioría dos lingüistas destaca a fixación sintáctica (Montoro 2005; Zuluaga 1975 e 1980; Gurillo 1997 e 1998) xunto á fixación semántica ou idiomaticidade (Zuluaga, 1980: 121-134) e a polilexicalidade (Castillo Carballo 1997; Mena Martínez 2002; García-Page 2008). Non obstante, obsérvase que co tempo, varias expresións pluriverbais, ao igual que as palabras simples ou monolexemas, caen no desuso mentres que outras sufren transformacións. Estes cambios débense á mesma evolución lingüística, que se plasma, no caso que nos ocupa, no concepto de variación paremiolóxica. A ruptura do modelo paremiolóxico<sup>2</sup> é un fenómeno bastante frecuente que se observa na literatura, na publicidade, no xornalismo, etc.

Por moi universais que sexan no tempo e no espazo, os elementos constitutivos do universo paremiolóxico, no caso concreto que analizamos (as 600 paremias do español<sup>3</sup> recompiladas por Charles Cahier)<sup>4</sup>, sufren alteracións e distorsións sintácticas<sup>5</sup>. Estas rupturas, denominadas variantes formais paremiolóxicas, poden ser de distintos tipos: fónico, gráfico, morfolóxico, gramatical, léxico, sintáctico, etc. (García-Page 2008: 219).

Cando falamos da variación na paremioloxía podería parecer que o trazo de variación presente nas unidades fraseolóxicas vai en contra da fixación e estabilidade sintácticas (Corpas Pastor 1997: 27) que se manifesta nas paremias baixo diferentes aspectos tales como: a) a inalterabilidade da orde dos constituíntes, b) a invariabilidade dalgúns categorías gramaticais, c) a inmodificabilidade do inventario de compoñentes e d) a insustituibilidade de constituíntes. É preciso sinalar que para cualificar unha unidade fraseolólica de fixa, non é necesario que todos eses criterios se cumpran na unidade, pois, como indica G. Gross (1996: 8-9), se se demostra polo menos un deles, pode considerarse unha unidade fraseolólica fixa. A fixación en varias expresións fixas non é sempre completa, pode dicirse que é caprichosa, pois nada explica as razóns que a gobernan para que se produzcan determinadas combinacións e non outras (Zuluaga 1980: 37).

Non todas as condicións recomendadas para que se cumpla a característica de fixación sintáctica se dan nas paremias porque algunas delas non respectan certas normas como a inserción de elementos entre os constituíntes. Velaquí a modo de ilustración uns exemplos nos que se inseriron palabras entre os seus constituíntes: *Amor de madre, que (todo) lo demás es aire; Dijo el asno al mulo: 'Anda para (allá), orejudo'; (Allí) donde*

<sup>2</sup> Entre os investigadores que se interesan polas rupturas das formacións sintácticas na fraseoloxía e paremioloxía, destacan as achegas de Zuluaga Ospina 1980; M. Gross 1982; García-Page 1991 1992a, 1992b, 1992c, 1993a, 1993b, 2008; G. Gross 1996; Corpas Pastor 1997; Barta 2005, 2006; Montoro del Arco 2005; Mejri 2009; Sevilla Muñoz e Martínez, 2009; Mogorrón Huerta e Mejri 2009.

<sup>3</sup> Charles Cahier: *Quelque six mille proverbes et aforismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers*, París, 1856.

<sup>4</sup> Paremiógrafo francés do século XIX.

<sup>5</sup> Non se consideran variantes as desautomatizacións, é dicir, as modificacións espontáneas ou individuais e non institucionalizadas que poidan sufrir intencionadamente as paremias.

*fueres, haz como vieres, (Dondequieras) que fueres, haz lo que vieres; (Por donde) fueres, haz como vieres; (La) puerta abierta, al santo tienta etc.*

O estudo das alteracións sintácticas das unidades fraseolóxicas é na actualidade un tema polo que paremiólogos e fraseólogos se están interesando. Respecto ao tratamento destas transformacións, cada investigador aborda a temática desde un enfoque diferente, así é como se observan diferentes tipos de clasificacións e descripcións do fenómeno. É preciso subliñar que entre os tipos de distorsións sintácticas na paremiología sobre os cales os autores coinciden adoitan estar: posibilidade de cambio, subtracción, adición de fonemas/lexemas/sintagmas; intercambio de compoñentes léxicos e sintácticos dentro dunha unidade; ampliación e subtracción lexemática/sintagmática/sintáctica.

González Rey (2002: 59) chama as alteracións que se manifestan nalgúns UFs: ‘l'écart ou la déviation’. Esta desviación dos constituyentes pode darse no plano léxico, gramatical ou ben sintáctico: “On voit donc que le figement est un phénomène qui transcende ce qu'on appelle généralement les différents niveaux de l'analyse linguistique et qu'une description qui ne serait que la syntaxe ou sémantique ne retiendrait qu'une partie des faits” (G. Gross 1996: 13). Desta cita dedúcese que existen graos de fixación porque algúns paremias son totalmente fixas, xa que cumpren con todos os criterios da fixación mentres que outras, como as que acabamos de citar, presentan unha fixación parcial (G. Gross 1996: 16-17).

A estabilidade das paremias é relativa posto que os criterios de fixación sintáctica e semántica presentes nelas se manifestan de forma gradual. É dicir, os devanditos criterios varían segundo o grao de estabilidade dos seus compoñentes. A repetición dunha paremia permite que esta se conserve intacta no tempo pero ao mesmo tempo é máis factible que se dea a variación formal da mesma mediante a creación de variantes. As variantes poden ser de distintos tipos: fónico, gráfico, morfolóxico, gramatical, léxico, sintáctico, etc. (García-Page 2008: 219).

O presente artigo ten como obxecto o estudo das variacións das paremias españolas recompiladas no refraneiro elaborado por Charles Cahier, titulado: *Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers*. Nun primeiro momento aclararemos algúns conceptos básicos e daremos unha breve definición das paremias facendo fincapé a categoría de refrán, pois é esta a unidade fraseolólica máis presente no noso corpus. Ao longo do artigo analizaremos os tipos de variacións que sufriren as paremias do noso corpus en comparación coas que constan no *Refranero Multilingüe* do Instituto Cervantes.

## 2. Conceptos básicos

Nun primeiro momento, o concepto que necesita aclaración é este: que son as paremias?

Segundo Sevilla e Crida (2013), a paremia ten unha serie de características como:

⇒ A fixación referida a estas combinacións de palabras ten que ser entendida no sentido de algo xa feito que o falante almacena e tende a reproducir sen descompoñelo nos seus elementos constituyentes.

⇒ A idiomática foi entendida de dúas maneiras diferentes:

- Por un lado, responde, no sentido etimológico, ao que é propio e peculiar dunha lingua e,
- por outro, pode interpretarse como o trazo semántico característico de certas construcións fixas, nas que o seu significado non pode ser deducido a partir dos elementos que as forman.

⇒ A lexicalización:

Nunha UF como *encontrar o hallar [uno] la horma de su zapato*, produciuse previamente unha consolidación do uso das palabras que a componen ata constituírse un significado unitario que non pode ser analizado pola suma dos seus elementos integrantes. Deste xeito, se consultamos o *DLE*, veremos o proceso de especialización semántica que se produciu:

1. Fig. locs. verbs. coloqs. Encontrar o que lle acomoda ou o que deseja.
2. Fig. locs. verbs. coloqs. Tropezar con alguén ou con algo que se lle resista ou que se opóna ás súas mañas ou artifícios.

⇒ O contido sentencioso:

Significado moral ou doutrina expresada con gravidade ou agudeza. Trátase dunha característica inherente á paremia.

As devanditas características aplícanse aos distintos tipos de paremias cujos termos son:

- o refrán (uso popular),
- o proverbio (culto),
- a máxima (culto/autor coñecido),
- o aforismo (culto de orixe e autor coñecido),
- a sentenza (culto/autor coñecido),
- o apotegma (paremia de autor moi célebre),
- a frase proverbial (formula orde e mandato), etc.

No que se refire ao noso corpus, cabe destacar que o 99% das UFs presentes son refráns. Esta paremia Sevilla Muñoz (2002) definea da seguinte maneira:

*[...] el refrán es una paremia, esto es, un enunciado breve y sentencioso memorizado por los hablantes; destaca principalmente por ser popular, repetitivo, de temática general y práctica, estructura por lo general bimembre y por poseer elementos*

*mnemotécnicos que facilitan su memorización; en muchos casos es metafórico y puede ser jocoso. En cuanto a su léxico es sencillo, coloquial y, a veces, arcaico* (Sevilla y Cantera 2002: 71).

Outros conceptos básicos que cómpre aclarar son a desautomatización e a variación dunha paremia.

Para Florentina Mena Martínez (2002: 4-15) “la desautomatización es el proceso que se desencadena en algunas unidades fraseológicas cuando se les ha aplicado de forma intencionada cualquier procedimiento de manipulación o modificación creativa”. Así, este fenómeno dáse moito no mundo da publicidade ou do xornalismo como por exemplo a unidade fraseolóxica *Darle a uno gato por liebre*, que desautomatizou en “para que a todos os europeos non *lles dean gato por euro*” (A3T, 9: 15 Noticias, 30-8-01), cando se cubriu a noticia sobre a presentación oficial do euro en Frankfurt. Estas modificacións non ocorren no noso corpus de paremias.

En cambio, o que si aparece con frecuencia no noso corpus son numerosas *variacións*, sobre as que centraremos a nosa atención. Entendemos por variacións as unidades fraseolóxicas que sofren cambios formais, de diferente natureza, pero que manteñen certo grao de similitude coa orixinal. En efecto, os devanditos cambios manteñen o grao de fixación da UF e pertencen ao acervo cultural. Como veremos no seguinte apartado (véxase apartado 3), o noso corpus contén numerosas variacións de diferente tipo.

Tamén cabe precisar que a presenza de variacións non quita a fixación, ao contrario, a variación confirma ao apoiarse sobre esa fixación co fin de manterse no tempo.

Quixéramos tamén presentar *El Refranero multilingüe*, ao ser a referencia á que acudimos ao longo do noso estudo das variacións. Este refraneiro contén unha selección de paremias españolas populares, principalmente refráns e frases proverbiais, coa súa correspondencia en varias linguas. Trátase dun refraneiro multilingüe único no mundo non só por esta combinación lingüística senón tamén pola información achegada para cada paremia española, as súas posibles variantes e sinónimos, así como os hiperónimos e os antónimos paremiolóxicos. Entre os seus obxectivos está o de proporcionar un actualizado instrumento de consulta sobre a sabedoría popular. Tendo en conta que o noso corpus é do século XIX, as informacíons facilitadas por *El Refranero multilingüe* son esenciais para a nosa análise por conter as paremias más populares de hoxe en día e algunhas das súas variantes.

A diferenza doutras clases de unidades fraseológicas que poden ter un equivalente conceptual –por exemplo, unha locución verbal equivale a un verbo; ou unha locución adverbial pode reducirse a un adverbio– as paremias, tal como subliña Julio Casares (1992: 199), son estruturas complexas que non permiten tales modificacións. Non se poden reducir a equivalencias conceptuais unitarias:

*El refrán propiamente dicho [...] es una frase completa o una cláusula independiente, en la que se relacionan, por lo menos, dos ideas, y en la que las*

*palabras conservan su sentido usual, directo o figurado, sin deformarlo para dar origen a una nueva entidad léxica indivisible* (Casares 1992: 199).

Nesta cita, Casares fala dos refráns como frases completas ou cláusulas independentes. Así, responden a una cohesión e coherencia sintáctica; o cal constitúe por un lado un dos seus trazos distintivos, e polo outro o motivo polo que nos interesamos pola súa estrutura sintáctica.

Para analizar a estrutura das paremias pareceunos conveniente presentar de forma sucinta, os modelos ou tipos de oracións aos cales as paremias responden. Distinguimos principalmente dous tipos de estruturas más comuns ás paremias: por un lado, construcións con estruturas similares ás das oracións tradicionais simples e complexas (son oracións que teñen un núcleo verbal e poden ser coordinadas, xustapostas ou ben subordinadas) e polo outro, construcións bimembres sen verbo (Riera Rubio 2009: 8 -11). No cadro que vén a continuación presentamos ambos tipos de construcións con exemplos:

ORACIÓNES SIMPLES	ORACIÓNES COMPLEXAS				
	XUSTAPOSTAS	COORDINADAS	SUBORDINADAS		
El infierno está lleno de buenas intenciones	La cana engaña; el diente miente; la arruga, no deja duda	Traspasa el rico las leyes, y es castigado el pobre	SUBSTANTIVAS	ADJECTIVAS	ADVERBIAIS
			Quien tiene un amigo, tiene un tesoro	Diciembre es un viejo que arruga el pellejo	Donde menos se piensa, se levanta la liebre

Figura 1. Modelos ou tipos de oracións aos cales responden as paremias

### 3. Variantes

Nos apartados que veñen a continuación, analizaremos as diferentes anomalías, ortográficas, léxicas e sintácticas que adoitan alterar a estrutura das paremias. Para iso centrarémonos nas tres seguintes categorías de variantes formais paremiológicas: as variantes ortográficas, as variantes léxicas e as variantes sintácticas.

#### 3.1. Variantes ortográficas

Entre os cambios léxicos observados entre os constituíntes das paremias, –e que son comunmente sinalados entre os investigadores–, destaca a presenza considerable das variacións ortográficas e algúns arcaísmos. Estes últimos son “elemento[s] lingüístico[s] cuxa forma ou significado, ou ambos á vez, resultan anticuados en relación cun momento determinado” (DLE). A presenza de palabras arcaicas e de variacións ortográficas nas paremias débese a que estas unidades da lingua foron creadas cando aínda o castelán estaba na súa etapa de formación primitiva (desde a Idade Media), tal e como explica García-Page (1997: 275).

Fixemos un censo do léxico en desuso do noso corpus, e chegamos á conclusión de que os verbos, seguidos dos substantivos, son as dúas clases de palabras afectadas polos cambios da lingua. Neste subapartado ofrecemos unha listaxe de todos os tipos de arcaísmos e variacións ortográficas presentes no noso corpus.

➤ Substantivos

*Dos amigos de una bolsa, El uno canta, y el otro<sup>6</sup> llora. [= otro]*

*En casa llena ayna fazen zena. (RM) [= cena]*

*Quien presto da, dos vezes da. [= veces]*

➤ Adxectivos

*Con ajena mano saca la culebra del horado. (RM) [= ajena]*

*Mas vale ruyn asno, que ser asno. [= ruin]*

*En casa llena, presto se guisa la cena, en la vazia mas ayna. [= vacía]*

*Los primeros a comer, Postreros a hazer.*

➤ Adverbios

*Do fuerza viene, El derecho se pierde. [= donde]*

*Do hambre a nadie vé morir; De mucho comer, cien mil. [= donde]*

*En casa llena ayna fazen zena. (RM) [= pronto]: arcaísmo*

➤ Verbos

*Dime con quien andas, Y diréte quien eres. [= te diré]*

*Quien dexa camino real por la vereda, piensa atajar y rodea. (RM) [= deja]*

*Quanto cuga el abeja, miel torna; y quanto el araña, ponzoña. (Hernán Núñez) [= chupa]*

*Cuanto zuga la abeja, miel torna y quanto la araña ponzoña. (Correas) [= chupa]*

*Cuanto suga la abeja se vuelve cera y miel; y cuanto el araña, veneno y hiel. (Rodríguez Marín) [= chupa]*

*No ay peor sordo que el que non quiere oyr. (RM) [= hay – oír]*

*Aprende llorando, Reyras ganando. [= reírás]*

*Cada cabello haze su sombra en el suelo. [= hace]*

*Al comer, sudar; y al hazer, temblar. [= hacer]*

<sup>6</sup> Aquí considerámolo substantivo porque neste refrán en concreto está substantivado, aínda que tanto *otro* como *otro* (outro) sexan en realidade adxectivos.

*Los primeros a comer, Postreros a hacer. [= hacer]*

*Comida fria, bebida caliente, Nunca hicieron buen vientre. [= hicieron]*

*El deseo haze hermoso lo feo. [= hace]*

*Quien te hace fiesta que no te suele hazer, o te quiere engañar, o te ha menester. [= hacer]*

*Perdí, mi honor diziendo mal y oyendo peor. [= diciendo]*

Nesta lista do noso corpus, aparecen tanto as palabras que están xa en desuso (iso é, que manteñen a súa forma primaria) como as palabras en vía de arcaización (é dicir, que hoxe en día se usan moi pouco ou xa non se usan). A presenza de ambos tipos de palabras entre as paremias chama a atención sobre a continua evolución das linguas; demostran “por un lado, el deseo de rejuvenecimiento del refrán y, por otro, con carácter general, su estatuto de expresión testimonial de la evolución de la lengua” (García-Page 1997: 276).

O total dos vocábulos en desuso do corpus apenas alcanza o 5,5% do total dos 572 termos estudiados. Entre estes vocábulos, os substantivos e os verbos teñen porcentaxes máis elevadas que os adjectivos e adverbios (véxase figura 2). A meirande parte destas palabras enténdese perfectamente posto que as súas grafías non distan moito das grafías do español actual. Pertencen ao tipo de vocábulos en desuso cuxo referente non se atopa moi afastado da nosa realidade actual, e por iso non impiden a comprensión do sentido das paremias (García Yelo e García Jove 2008: 153).




Figura 2. Variantes ortográficas das paremias españolas recompiladas por Charles Cahier

### 3.2. Variantes léxicas

Sardelli e Jarilla Bravo (2009) definen as variantes léxicas como as operacións lingüísticas que interveñen na formación sintáctica dunha expresión fixa. Esas operacións lévanse a cabo mediante dous mecanismos principais: a conmutación e a substitución de un ou de varios componentes (artigo, verbo, substantivo, adjetivo, adverbio etc.) dentro dunha expresión. Xa que os cambios esporádicos ou desautomatizáculos operados polos falantes non son considerados como variantes é obrigatorio que as novas formas de paremias estean institucionalizadas. Neste sentido, García-Page (2009: 242) sinala que “la única exigencia que se les impone a las variantes es que estén ritualizadas, previstas en el código”. É dicir, que nestas transformacións é requisito imprescindible que as formas variantes resultantes sexan coñecidas polos falantes. A continuación presentamos as categorías de palabras que sufrieron variacións léxicas no noso corpus.

### 3.2.1. Cambio nunha categoría gramatical

#### ➤ Cambio de artigos

*Cria un cuervo, y sacar te ha el ojo.*

*Cría el cuervo, sacarte ha el ojo. (RM)*

#### ➤ Cambio de substantivos

*En casa del herrero, cuchillo de palo.*

*En casa del herrero, asador de palo. (RM)*

*En casa del herrero, badil de madero. (RM)*

*Como canta el abad, responde el sacristán.*

*Como canta el abad, responde el monacillo. (RM)*

*Afición ciega razón.*

*Amor ciega razón. (RM)*

*Pasión ciega razón. (RM)*

*Más sabe el necio en su casa, que el cuerdo en la ajena.*

*Más sabe el loco en su casa que el cuerdo en la ajena. (RM)*

*Da Dios almendras al que no tiene muelas.*

*Dios da bizcocho(s) a quien no tiene muelas. (RM)*

*Amor de padre, que lo demas es ayre.*

*Amor de madre, que (todo) lo demás es aire. (RM)*

*Sanan llagas, y no malas palabras.*

*Sanan cuchilladas, y no malas palabras. (RM) Sanan lanzadas, que no palabras malas. (RM)*

*Ni en burla ni en veras, con tu amo no partas peras. En juego ni en veras, con tu señor no partas peras (RM)*

*Al burro muerto, la cebaba al rabo.*

*A asno muerto, la cebada en grano. (RM)*

*A caballo nuevo, caballero viejo.*

*A caballo nuevo, jinete viejo. (RM)*

*La codicia rompe el saco.*

*La avaricia rompe el saco. (RM)*

*El interés rompe el saco. (RM)*

*La ambición rompe el saco. (RM)*

*A dineros pagados, brazos quebrantados.*

*A obra pagada: braços quebrados. (RM)*

*La experiencia Madre es de la ciencia.*

*La experiencia es la madre de la sabiduría. (RM)*

*La mucha familiaridad acarrea menosprecio.*

*La mucha confianza es causa de menosprecio. (RM)*

*De medico, poeta, y loco, Todos tenemos un poco.*

*De músico, poeta y loco, todos tenemos un poco. (RM)*

➤ Cambio de verbos

*Cuando Dios amanece, para todos amanece.*

*Cuando Dios da, para todos da. (RM)*

*Si quieres saber orar, Entra en la mar.*

*Si quieres aprender a orar, entra en la mar. (RM)*

*Quien tiempo tiene y tiempo atiende, Tiempo viene que se arrepiente.*

*Quien tiempo tiene y tiempo espera, tiempo viene que desespera. (RM)*

*A cada puerco le llega su San-Martin.*

*A cada puerco le viene su San Martín. (RM)*

*Quien bien te quiera, te harà llorar.*

*Quien bien te quiere, te hará sufrir. (RM)*

*Quien mal anda, en mal acaba.*

*El que mal anda, mal halla. (RM)*

*Donde menos se piensa, se levanta la liebre.*

*Donde menos se piensa salta la liebre. (RM)*

*Donde menos se espera salta la liebre. (RM)*

*El perro flaco, todo es pulgas.*

*A perro flaco, todo se le convierten pulgas. (RM)*

*A perro flaco todo se le vuelven pulgas. (RM)*

*A perro flaco acuden las pulgas. (RM)*

*Al perro flaco se le cargan/pegan las pulgas. (RM)*

*Quien roba a un ladron, Tiene cien anos de perdon.*

*Quien roba a un ladrón, ha cien años de perdón. (RM)*

*Quien hurta al ladrón ha cien años de perdón. (RM)*

*Piensa el ladron que todos son de su condicion.*

*Cree el ladrón que todos son de su condición. (RM)*

*De la mano a la boca Desaparece la sopa.*

*De la mano a la boca, se pierde la sopa. (RM)*

*Del plato a la boca se cae la sopa. (RM)*

*Marzo ventoso y abril lluvioso, Sacan a mayo florido y hermoso.*

*Marzo ventoso y abril lluvioso traen a mayo florido y hermoso. (RM)*

*Marzo ventoso y abril lluvioso hacen a mayo florido y hermoso. (RM)*

*Por su mal le nacieron alas a la hormiga.*

*Por su mal crió alas (a) la hormiga. (RM)*

➤ Cambio de adverbios

*Donde menos se piensa, se levanta la liebre.*

*Cuando menos se piensa, salta la liebre. (RM)*

*Mala yerba mucho crece.*

*La hierba mala aína crece. (RM)*

➤ Cambio de adjetivos

*Aunque seas prudente y viejo, No desdenes el consejo.*

*Aunque seas muy sabio y viejo, no desdeñas el consejo. (RM)*

*Del dicho al hecho, Hay gran trecho.*

*De lo dicho a lo hecho hay largo trecho. (RM)*

*A buena hambre, no hay pan duro.*

*A buen hambre no hay pan malo. (RM)*

*A gran hambre, no hay pan malo. (RM)*

*A mucha hambre no hay pan duro. (RM)*

*A mucha hambre no hay mal pan. (RM)*

*En casa del herrero, cuchillo de palo.*

*En casa del herrero, cuchillo mangorrero. (RM)*

*A padre ganador, hijo gastador.*

*A padre guardador, hijo gastador. (RM)*

*A padre endurador, hijo gastador. (RM)*

*A padre allegador, hijo desprendedor. (RM)*

*A padre allegador, hijo desperdiciador. (RM)*

*A padre ganador, hijo despendedor. (RM)*

*Todos los duelos, con pan son buenos.*

*Las penas con pan son menos. (RM)*

➤ Cambio convención de coordinación

*Dios consiente, y no para siempre.*

*Dios consiente, pero no para siempre. (RM)*

➤ Cambio de numeral cardinal

*A pan de quinze días, Hambre de tres semanas.*

*A pan de quince días, hambre de dos semanas. (RM)*

*Mas vale un toma, que dos te daré.*

*Más vale un “toma” que cien “te daré”. (RM)*

*Más veen cuatro ojos, Que no dos.*

*Más veen dos ojos qu'uno. (RM)*

➤ Cambio de preposiciones

*Amistad de yerno, Sol de invierno.*

*Amistad de yerno, sol en invierno. (RM)*

*El perro flaco, todo es pulgas.*

*Al perro flaco, todo son pulgas. (RM)*

*Quien tropieza y no cae, En su paso añade.*

*Quien tropieza y no cae, a su paso añade. (RM)*

*En salvo esta el que repica.*

*Asalvo está el que repica. (RM)*

*A gran salida, Gran caída.*

*De gran subida, gran caída. (RM)*

*De luengas vías, luengas mentiras.*

*A luengas vías, luengas mentiras. (RM)*

➤ Cambio de pronomes

- (**el que > quién**)

*El que mucho abarca, / Poco aprieta.*

*Quien mucho abarca poco aprieta. (RM)*

*Quien tropieza y no cae, En su paso añade.*

*El que tropieza y no cae, adelanta camino<sup>7</sup>. (RM)*

*El que compra y miente, En su bolsa lo siente.*

*Quien pierde y miente, su bolsa lo siente. (RM)*

*Quien merca y miente, su bolsa lo siente. (RM)*

- (**quién > el que**)

*Quien a solas come el gallo, A solas ensilla el caballo.*

*El que solo come su gallo, solo ensilla su caballo. (RM)*

*Mas gana quien Dios ayuda, que quien mucho madruga.*

*Más vale al que Dios ayuda que al que mucho madruga. (RM)*

*Quien no llora, no mama.*

*El que no llora, no mama. (RM)*

*Quien todo lo quiere, Todo lo pierde.*

*El que todo lo quiere, todo lo pierde. (RM)*

- (**quién > al que**)

*Quien se viste de lo ajeno, en la calle lo desnudan.*

---

<sup>7</sup> Cambio sintáctico da segunda parte.

*Al que de ajeno se viste, en la calle le desnudan. (RM)*

*Al que de prestado se viste, en la calle lo desnudan. (RM)*

- (**al que > a quien**)

*Da Dios almendras / Al que no tiene muelas.*

*Da Dios almendras a quien no tiene muelas. (RM)*

➤ Cambio dunha categoría por outra

- (**Artigo > preposición**)

*Quien no puede dar al asno, vuélvese al albarda.*

*Quien no puede dar en el asno, da en la albarda. (RM)*

### 3.2.2. Adición dunha categoría

➤ Adición de adverbios

*Dijò el asno al mulo: “Anda para orejudo”.*

*Dijo el asno al mulo: ‘Anda para allá, orejudo’. (RM)*

*Donde fueres, Haras como tu vieres.*

*Allí donde fueres, haz como vieres. (RM)*

➤ Adición de artigos

*Puerta abierta, el santo tienta.*

*La puerta abierta, al santo tienta. (RM)*

*Haz bien, y no cates a quien.*

*Haz el bien y no mires a quién. (RM)*

*Haz el bien sin reparar a quién. (RM)*

*Dadivas quebrantan penas.*

*El dar quebranta (las) penas. (RM)*

➤ Adición de adjetivos

*Amor de padre, que lo demas es ayre.*

*Amor de madre, que (todo) lo demás es aire. (RM)*

➤ Adición de verbos

*Buey viejo, surco derecho.*

*Buey viejo lleva surco derecho. (RM)*

### 3.2.3. Subtracción dun ou de varios elementos

A subtracción de elementos consiste en eliminar unha ou varias palabras dentro dunha paremia. As palabras que máis se eliminaron no corpus son os substantivos. A subtracción dalgúns determinantes non afecta a semántica das paremias, mentres que a eliminación de categorías de palabras como os adxectivos, os adverbios e algúns substantivos, si ten repercusións no significado idiomático das expresións.

➤ Subtracción de adxectivos

*A buena hambre, no hay pan duro.*

*A hambre, no hay mal pan. (RM)*

➤ Subtracción de substantivos

*Con ajena mano sacar la culebra del horado.*

*El mal encantador, con la mano ajena saca la culebra. (RM)*

➤ Subtracción de artigos

*La codicia rompe el saco.*

*Codicia mala, saco rompe. (RM)*

➤ Subtracción de verbos

*Con ajena mano sacar la culebra del horado.*

*Con ajena mano, la culebra del horado. (RM)*

➤ Subtracción de pronomes

*Quien no puede dar al asno, vuelvese al albarda.*

*No pueden al asno, tórnanse al albarda. (RM)*

### 3.2.4. Cambio do tempo verbal

*Haz lo que tu amo te manda, y sientate con el a la mesa.*

*Haz lo que tu amo te manda y sentaráste con él a la mesa. (RM)*

*Haz lo que te manda tu señor y sentarte has con él a la mesa. (RM)*

*Comida fria, bebida caliente, Nunca hizieron buen vientre.*

*Comida fría y bebida caliente, no hacen buen vientre. (RM)*

A variación do cambio do tempo verbal non ocorre con moita frecuencia. Unha explicación posible pode ser que algúns tempos, como no primeiro exemplo, están en desuso na linguaxe oral.

### 3.2.5. Cambios morfológicos

#### ➤ Cambio de número: paso do singular ao plural – do plural ao singular

*Ni en burla ni en veras, con tu amo no partas peras.*

*En burlas ni en veras, con tu señor no partas peras. (RM)*

*Tanto quisó el diablo a sus hijos, Que les sacó los ojos.*

*Tanto quiso el diablo a su hijo que le sacó un ojo. (RM)*

#### ➤ Cambio de xénero: paso do masculino ao feminino – do feminino ao masculino

*Amor de niño, agua en cestillo.*

*Amor de niña, agua en cestilla. (RM)*

*Mas vale ser tuerto que ciego.*

*Más vale tuerta que ciega. (RM)*

Os devanditos cambios, sexan de xénero ou de número, poden deberse á intención instrutiva dos refráns e ao seu efecto individualizador. Trátase de chegar á persoa indicada, é dicir, se se lle di a unha rapaza, terá que adaptarse para que esta última poida saber que falamos dela.

As variantes léxicas supoñen unha porcentaxe do 38,98 % do total das unidades fraseolóxicas del corpus; son as más numerosas das variantes ortográficas. Como puidemos observar, nelas, as modificacións operan a nivel de case todas as categorías gramaticais e ata interveñen a nivel das conxugacións verbais porque “le mot, l’élément le plus petit, a plus de chances d’être changé que les unités plus vastes” (Barta 2006: 58). No seguinte cadro presentamos os tipos, números de paremias e porcentaxes de cada clase de palabras que sufrieron transformacións léxicas no corpus:

VARIANTES LÉXICAS			
TIPO DE PROCEDIMENTO	CATEGORÍA DE PALABRAS	NÚMERO	PORCENTAXE
ADICIÓN	Artigo	7	3,13%
	Verbo	2	0,89%
	Adxectivo	2	0,89%
	Adverbio	7	3,13%
	<b>Total adición</b>	<b>18</b>	8,07%
SUBTRACCIÓN	Adxectivo	2	0,89%
	Substantivo	2	0,895
	Artigo	2	0,89%
	Verbo	2	0,89%
	Pronome	2	0,89%
	<b>Total subtracción</b>	<b>10</b>	4,48%
CAMBIO	Artigo	4	1,79%
	Substantivo	79	35,42%
	Verbo	68	30,49%
	Adverbio	4	1,79%
	Adxectivo	20	8,96%
	Conxunción de coordinación	2	0,89%
	Numeral cardinal	6	2,69%
	Preposición	14	6,27%
	Pronome	49	21,97%
	El que > quien	7	3,13%
	Quien > el que	9	4,03%
	Al que > quien	7	3,13%
	Quien > al que	2	0,89%
	Quien > de que	2	0,89%
	Pronome > preposición	7	3,13%
	Tempo verbal	7	3,13%
	Morfolóxico	8	3,58%
	<b>Total cambio</b>	<b>195</b>	87,44%
	<b>Total</b>	<b>223</b>	100%

Figura 3. Cadro resumo das transformacións léxicas no corpus

### 3.3. Variantes sintácticas

As posibles transformacións que poden ser realizadas dentro da estrutura sintáctica dunha paremia denominanse variantes sintácticas. Neste tipo de variante, non adoita resultar afectado o significado idiomático da paremia base ou principal, aínda que ás veces poida ocorrer que as transformacións operadas na sintaxe repercutan no significado.

Os cambios sintácticos que se observan nas paremias demostran o carácter evolutivo das linguas, no noso caso, do castelán. Con estes cambios, nótase a diferenza entre a diacronía e a sincronía; diferenza que se materializa nas estruturas sintácticas das paremias a través dos arcaísmos sintácticos tales como a labilidade dos determinantes, ausencia de nexos, frases nominais, etc. (Greimas 1973: 258 citado en García-Page 1997: 276).

Neste subapartado, analizamos as seis categorías de variantes paremiológicas que presentan as paremias do corpus: inversión de palabras dentro dun sintagma; inversión sintáctica; acurtamento sintáctico; ampliación e/ou cambio sintáctico; adición dunha palabra, subtracción doutra e ampliación sintáctica; inclusión e modificación do segmento.

#### 3.3.1. Inversión de palabras dentro dun sintagma

A inversión sintagmática consiste en cambiar as colocacións das palabras dentro dun mesmo sintagma –ou un mesmo verso–. Estas alteracións de palabras adoitan provocar cambios na expresividade das paremias.

Más sabe el necio en su casa, que el cuerdo en la ajena.

Sabe más el necio en su casa que el cuerdo en la ajena. (RM)

El loco sabe más de su casa que el cuerdo de la ajena. (RM)

Piensa el ladron que todos son de su condicion.

Cada ladrón piensa que todos son de su misma condición. (RM)

Mas cura la dieta Que la lanceta.

Cura más la dieta que la lanceta. (RM)

De buenas intenciones esta el infierno lleno.

El infierno está empedrado de buenas intenciones. (RM)

Mas veen cuatro ojos, Que no dos.

Cuatro ojos ven más que dos. (RM)

Mala yerba mucho crece.

La mala hierba crece mucho. (RM)

El buen paño en el arca se vende.

El buen paño se vende en el arca. (RM)

### 3.3.2. Inversión sintáctica

A inversión sintáctica opera transformacións más amplas que a inversión sintagmática de palabras dentro da paremia porque aquí os cambios interveñen a nivel dunha oración. Cabe sinalar que estes cambios non adoitan afectar os significados totais das expresións (García–Page 2009: 237). Velaquí os casos de inversiones sintácticas do corpus:

*No hay atajo /sin trabajo.*

*Sin trabajo, no hay atajo. (RM)*

*Allá van leyes Do quieren reyes.*

*Do quieren reyes, allá van leyes. (RM)*

*Nuevo rey, nueva ley.*

*Rey nuevo, ley nueva. (RM)*

*No bebas agua qua no veas, Ni firmes carta que no leas.*

*Ni firmes carta que no leas ni bebas agua que no veas. (RM)*

*Tanto vales Cuanto tienes.*

*Cuanto tienes, tanto vales. (RM)*

*No se ha de mentar la soga en casa del ahorcado.*

*En casa del ahorcado, no hay que mentar la soga. (RM)*

*En casa del ahorcado no se ha de mentar la soga. (RM)*

### 3.3.3. Ampliación e/ou cambio sintáctico

A ampliación sintáctica consiste en aumentar a estrutura da paremia engadíndolle á paremia base unha nova parte. Con este procedemento, mentres un dos membros do refrán permanece invariable, o outro sofre (diversas) mutacións que xeralmente repercuten no significado global das expresións. Un tipo de ampliación recorrente é o cambio na categoría fraseolóxica, coa repetición sistemática dunha fórmula introdutoria nas locucións verbais (Sevilla e Martínez 2009: 138).

#### 3.3.3.1. Adición dun novo membro

*Con ajena mano sacar la culebra del horado.*

*El mal encantador, con la mano ajena saca la culebra. (RM)*

*El buey suelto, bien se lame.*

*El buey suelto bien se lame, pero mejor se lame uno a otro. (RM)*

*Si quieres ser bien servido, sirvete tu mismo.*

*De buenas intenciones esta el infierno lleno.*

*De buenos propósitos está lleno el infierno, y el cielo de buenas obras. (RM)*

*Amor de niño, agua en cestillo.*

*Agua en cesto, y amor de niño, y viento de culo, todo es uno. (RM)*

*No hay atajo /sin trabajo.*

*No hay atajo sin trabajo, ni rodeo sin pateo. (RM)*

*Haz bien, Y no cates a quién.*

*Siempre que puedas haz el bien, y no repares a quién. (RM)*

*Dádivas quebrantan penas.*

*Dádivas quebrantan peñas y hacen venir a las greñas. (RM)*

*Dádivas quebrantan peñas, y justicias, por más señas. (RM)*

*Dádivas y buenas razones, ablandan piedras y corazones. (RM)*

*La codicia rompe el saco.*

*Antes de que te cases, Mira lo que haces.*

*Antes que te cases mira lo que haces, ca no es ñudo que ansí lo desates. (RM)*

*Antes que te cases mira lo que haces, que no es ñudo que deshaces. (RM)*

*Sirvete a ti mismo, que serás bien servido. (RM)*

*La codicia rompe el saco, o quizá lo romperá donde no está. (RM)*

*Tanto vales Cuanto tienes.*

*Tanto vales cuanto has, y tu haber demás. (RM)*

*Tanto vales como has; cambio y quien más ha vale más. (RM)*

*Tanto tienes, tanto vales; no tiene nada, no vales nada. (RM)*

*A buena hambre, no hay pan duro.*

*A buen hambre no hay pan duro, ni falta salsa a ninguno. (RM)*

*Quien todo lo quiere, Todo lo pierde.*

*Quien todo lo quiere, todo lo pierde; y si no es conocido, hasta es perdido. (RM)*

*Por el hilo se saca el ovillo.*

*Por el hilo sacarás el ovillo, y por lo pasado lo no venido. (RM)*

*Por el hilo se saca el ovillo, y no quiero yo decillo. (RM)*

*Por el hilo se saca el ovillo, y por pasado, lo perdido. (RM)*

*Mañana sera otro dia.*

*Mañana será otro día, y verá el tuerto los espárragos (RM)*

*Mañana será otro día, cabeza pelada y panza fría. (RM)*

*Ladreme el perro, y no me muerda.*

*Ládreme el perro, y no me muerda, y echarle he la cuerda. (RM)*

*Miedo guarda viña.*

*Miedo guarda viña, que no viñadero. (RM)*

### 3.3.3.2. Substitución dun membro

*A río revuelto, ganancia de pescadores.*

*A río revuelto, provecho de pescadores. (RM)*

*En río revuelto, pesca abundante. (RM)*

*Quien tropieza y no cae, En su paso añade.*

*El que tropieza y no cae, adelanta camino. (RM)*

*Quien tropieza y no cae, el camino adelanta. (RM)*

*Quien tiempo tiene y tiempo atiende, Tiempo viene que le arrepiente.*

*Quien tiempo tiene y tiempo espera, tiempo viene que el diablo le lleva. (RM)*

*Quien tiempo tiene y tiempo aguarda, pues no merece silla, échenle albarda. (RM)*

*Quien tiempo tiene y tiempo aguarda, si no sufriere silla, échenle albarda (RM)*

*A Dios rogando, y con el mazo dando.*

*Rezando, rezando, y con el mazo dando. (RM)*

*Quien con lobos anda, a ahullar se enseña.*

*Quien con lobos anda, al año aúlla. (RM)*

*Al loco y al aire, darle calle.*

*Al loco y al toro, déjales el coso. (RM)*

*Quien enferma de locura, o sana tarde, o nunca.*

*Quien enferma de locura, no tiene cura. (RM)*

*Donde menos se piensa, se levanta la liebre.*

*Cuando menos se piensa, muerde el pez el anzuelo. (RM)*

*Quien no se aventura, no pasa la mar.*

*Quien no se aventura, no ha ventura. (RM)*

*Quien no se aventura, no gana. (RM)*

*Haz bien, Y no cates a quien.*

*Haz mal y guárdate. (RM)*

*Al medico, confesser; y letrado, No le hayas engañado.*

*Al médico, confesor y letrado, hablarles claro. (RM)*

*A Dios rogando, Y con el mazo dando.*

*A Dios rogando y al macho dando. (RM)*

*Cuando a Roma fueres, haz como vieres.*

*En la tierra donde vinieres, haz lo que vieres. (RM)*

*Al lugar que fueres, haz lo que viere. (RM)*

*En casa del herrero, cuchillo de palo.*

*En casa del herrero, asador de madero. (RM)*

*Quien a su perro quiere matar, Rabia le ha de levantar.*

*Quien a su can quiere matar, levántale que quiere rabiar. (RM)*

### 3.3.4. Acurtamento sintáctico

O acurtamento sintáctico consiste en suprimir unha parte da paremia; xeralmente suprímese a segunda parte da UF. Esta transformación adoita producirse polo coñecemento institucionalizado ou polo esquecemento unha parte da expresión.

*La pobreza no es vileza, mas es madre de picardia.*

*Pobreza no es vileza. (RM)*

Do estudo das variantes sintácticas das paremias que acabamos de presentar, destaca o predominio dos cambios operados a nivel da ‘ampliación e/ou cambio sintáctico’, cuxo número e porcentaxe (122 transformacións, o que supón o 38,34% do total) triplica o resto das alteracións sintácticas. É preciso sinalar que, de todas estas variantes sintácticas, é a alteración que ten máis repercusións na semántica das paremias, posto que o segmento que se engade, introducido xeralmente na segunda parte da unidade, adoita achegar unha información nova que amplía o significado do segmento de partida.

As inversións sintácticas e os acurtamentos sintácticos, en cambio, á parte de ser procesos pouco frecuentes no corpus, desenvolven mecanismos diferentes aos das ampliacións e cambios sintácticos, porque en xeral, con eles non se operan moitas modificacións no

sentido das paremias. A supresión de elementos dunha parte da paremia pode destruír o seu significado e así dificultar a súa comprensión (Barta 2006: 58).




Figura 4. Cadro sinóptico do tipo de variacións sintácticas no corpus

#### 4. Conclusións

A análise das variantes realizada neste artigo pon de manifesto a diversidade das alteracións que poden sufrir as paremias españolas. As devanditas alteracións sintácticas nas paremias non adoitan ser casuais, é dicir, a maioría está institucionalizada, consolidada por completo na lingua e é de sobra coñecida polos falantes; polo tanto non se perciben como construcións estrañas.

Como puidemos observar coas variantes ortográficas, só o 5,5% do total dos 572 termos estudiados son palabras en desuso. Entre estes termos analizados, son os verbos e os substantivos (cun 47% e un 30% respectivamente) os que experimentan unha maior variación, contrariamente aos adjectivos e os adverbios, con só un 13% e un 10% cada un. A pesar de que estas palabras pertencen ao tipo de vocábulos en desuso, a gran maioría compréndese perfectamente polo feito de ter unha grafía moi parecida á do español actual. Polo tanto, podemos entender o sentido das paremias que conteñen os vocábulos en cuestión.

En canto ás variantes léxicas, que representan un 38,98% do total das unidades fraseolóxicas do corpus, son moito máis numerosas que as variantes ortográficas. Ademais, púidose constatar que as súas modificacións teñen lugar a nivel de praticamente todas as categorías gramaticais, incluíndo os verbos e a súa concuxagación, sendo os cambios de substantivo, verbo e pronome as variantes más frecuentes. Pódese dicir que tal cantidade de variantes léxicas ten sentido posto que ao tratarse só de palabras, o componente máis curto da unidade fraseolólica, son más dadas a experimentar cambios contrariamente a un conxunto de elementos.

Coa análise das variantes sintácticas do corpus estudiado, comprobamos o claro predominio das variacións a nivel da ampliación e/ou cambio sintáctico, que triplican o resto das alteracións sintácticas ao sumar un total de 122 transformacións, é dicir, un

38,34% do total do noso corpus. Cabe destacar que a ampliación e/ou cambio sintáctico é a alteración que máis repercute na semántica das paremias. De certo, a parte que se engade maioritariamente no segundo segmento da UF engade nova información ao ampliar o sentido da unidade de partida. Por último, a nosa análise das variantes sintácticas puxo de manifesto a pouca cantidade de inversiones e acurtamentos, o que se explica porque, polo xeral, esas alteracións non achegan moitas modificacións no sentido das paremias.

Con este traballo intentamos achegar a maior cantidad de información posible sobre as variacións que pode sufrir unha UF ao longo da súa historia e uso a través do paremiógrafo Charles Cahier ao ofrecer un gran número de paremias españolas no seu repertorio. Esa información resulta altamente necesaria con miras á elaboración dun proxecto como o *Refranero Multilingüe* que ten como obxectivo difundir e promover o español a través das paremias. Finalidade que non sería posible sen a elaboración de fichas paremiológicas que teñen en conta todos os elementos da evolución formal das UFs ao longo dos últimos séculos.

## 5. Referencias bibliográficas

- BARTA, Peter (2005): “Au pays des proverbes, les détournements sont rois. Contribution à l'étude des proverbes détournés du français (I)”, *Paremia* 14: 61-70.
- BARTA, Peter (2006): “Au pays des proverbes, les détournements sont rois. Contribution à l'étude des proverbes détournés du français (II)”, *Paremia* 15: 57-71.
- CASARES, Julio ([1950]1992): *Introducción a la lexicografía moderna*, 3ªed. Madrid: CSIC.
- CASTILLO CARBALLO, María Auxiliadora (1997): *Unidades Pluriverbales en un Corpus del Español Contemporáneo*. Servizo de Publicacións da Universidade de Málaga.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos D.L.
- FERNÁNDEZ MARTÍN, Patricia (2014): “Perífrases verbais con valor deontico no discurso paremiológico: una perspectiva diacrónica”, *Cadernos de fraseología galega*, 16: 61-92.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1991): “A propósito de la ‘ruptura del sistema formado por una frase hecha’”, *Notas y Estudios Filológicos*, 6: 71-101.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1992a): “La ruptura del ‘discurso repetido’ en poesía”, en *Scripta Philologica. In Honorem Juan M. Lope Blanch*, México: UNAM, III: 231-244.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1992b): “Lengua y estilo del Refranero: repetición y (re)creación”, *Anuario de Letras*, 30: 89-131.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1992c): “Lenguaje escrito y lenguaje ‘visual’: signos e imágenes. (Su interacción semiológica en el lenguaje publicitario)”, en *Investigaciones Semióticas IV*, Madrid: Visor, I: 379-388.

- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1993a): “Texto paremiológico y texto poético (el ejemplo de Gloria Fuertes)”, *Paremia*, 1: 45-53.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1993b): “La función lúdica en la lengua de los refranes”, *Paremia*, 2: 51-58.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1997): “Propiedades lingüísticas del refrán (II): el léxico”, *Paremia* 6, 275-280.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Antropos Editorial.
- GARCIA YELO, Marina; GARCÍA JOVE, Mª Ángeles (2008): “El léxico en las paremias clásicas o populares del Quijote”, en J. Sevilla, M. I. T. Zurdo e C. Crida eds. *Los refranes y el Quijote*. Atenas: Ta kalós keímena, 145-166.
- GONZALEZ REY, Maribel (2002): *La phraséologie du français*. Toulouse: Presse du Mirail.
- GREIMAS, Algirdas Julien (1973): “Los proverbios y los dichos”, en *En torno al sentido*. Madrid: Fragua, 355-363 (trad. esp. de “Les proverbes et les dictos”, en (1970): *Du sens. Essais sémiotiques*. Paris: Seuyl, 309-314, A versión reducida de (1960): “Idiotismes, proverbes, dictos”, CLEX, 25/2: 41-61).
- GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français: noms composés et autres locutions*. Editions OPHRIS.
- GROSS, Maurice (1982): “Une classification des phrases ‘figées’ du français”, *Revue québécoise de linguistique* vol. 11, n° 2, 151-185. (<http://id.erudit.org/iderudit/602492ar>).
- MEJRI, Salah (2009): “Figement, défigement et traduction”, MOGORRÓN HUERTA, P. y MEJRI, S. (dirs.): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidade de Alicante, 153-163.
- MENA MARTINEZ, Florentina (2002): *La desautomatización de las paremias inglesas por sustitución: un estudio cognitivo*. Universidad de Murcia.
- MOGORRÓN HUERTA, Pedro; MEJRI, Salah (dirs.) (2009): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidade de Alicante.
- MONTORO DEL ARCO, Estéban Tomás (2005): *Aproximación a la historia del pensamiento fraseológico español: las locuciones con valor gramatical en la norma culta*. Tesis doctoral. Granada: Universidad de Granada. (<http://digibug.ugr.es/bitstream/10481/677/1/15476893.pdf>).
- RIERA RUBIO, Caterina (2009): “Estudio de la sintaxis de las paremias a partir de refranes de los meses del año”, *Repositori.upf.edu*, 1-27.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1997): “Relevancia y fraseología: la desautomatización en la conversación coloquial”, *Español Actual*, 68: 21-30.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1998): “Una clasificación no discreta de las unidades fraseológicas del español”, Wotjak, G. (ed.), *Fraseología y fraseografía del español actual*, 13-38.

- SARDELLI, Maria Antonella; JARILLA BRAVO, Salud (2009): “Las variantes léxicas en las locuciones verbales del italiano actual”, en MOGORRÓN HUERTA, P. e MEJRI, S. (dirs.): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidad de Alicante, 21-45.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia; CRIDA ÁLVAREZ, Carlos (2013): “Las paremias y su clasificación”, *Paremia*, 22: 105-114.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia; MARTÍNEZ, Béatrice (2009): “Las paremias francesas y sus variantes formales, en MOGORRÓN HUERTA, P. y MEJRI, S. (dirs.): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidad de Alicante, 131-142.
- ZULUAGA OSPINA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 121-134.